

B) OPERACIONES DE CAPITAL.

6	ENAJENACION INVERSIONES REALES	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	137.587,97
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	47.007,99
	TOTAL INGRESOS	1.272.360,21

De forma conxunta aprobáronse as bases de execución e o cadro de persoal que se reproduce a continuación:

A) Funcionarios de carreira:

A.1.) Funcionarios con habilitación de carácter nacional:

- Secretaría-Intervención, grupo A e nivel 26.

A.2.) Escala de Administración Xeral:

Subescala Administrativa:

- Administrativo, grupo C e nivel 18.

Subescala Auxiliar:

- Auxiliar Administrativo (2), grupo D e nivel 14

A.3) Escala de Administración Xeral:

Subescala de Servicios Especiais:

- Persoal de Oficios (2), Operario, grupo E e nivel 11

B) Persoal laboral temporal:

- Traballadora social.

- Auxiliar de axuda a domicilio (3).

- Auxiliar Información Xuvenil

- Socorristas piscina (2)

- Operarios (3).

- Programa labora (3)

- Cuadrilla incendios (6).

- Conductores motobomba (2).

- Mantenemento piscina (1).

- Conductor camión basura (1).

- Animadora ocio (1).

Paradela, a 26 de octubre de 2005.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 05138

PORTOMARIN

De conformidade co disposto no artigo 17.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2005, relativo ó expediente de MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS, que se eleva automaticamente a definitivo segundo dispón o apartado 3 do citado artigo, do que a parte dispositiva di:

4º.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.-

A Corporación por unanimidade dos sete membros presentes dos once que legalmente a compoñen ACOR-DA

1- Aprobar a modificación de ordenanza fiscal do imposto sobre construcións, instalacións e obras do que o texto íntegro é:

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

ARTIGO 1º.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imposable do imposto, a realización dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra ou urbanística, terase obtido ou non dita licenza.

2.- As construcións, instalacións e obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

a) Obras de construcións de edificación e instalacións de tódalas clases de nova planta.

b) Obras de demolición.

c) Obras de edificios, tanto aqueles que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.

d) Alineacións e rasantes.

e) Obras de fontanería e sumidoiros.

f) Obras en cemiterios.

g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra ou urbanística.

ARTIGO 2º.- SUXEITOS PASIVOS.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades á que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realizan as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considérase contribuínte a quen teña a condición de dono da obra.

2.- Teñan a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

ARTIGO 3º.- BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO.

1.- A base imposable deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.

Entenderase por custo real e efectivo da construción, instalación ou obra o presuposto de execución material da mesma.

2.- A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imposable o tipo de gravame.

3.- O tipo de gravame será o seguinte:

a) O 2% para as edificacións destinadas a vivenda unifamiliar, construcións e instalacións destinadas a explotacións agropecuarias e complementarias destas e para construcións, instalacións e obras consideradas como menores.

b) O 2,40% para as edificacións destinadas a vivendas plurifamiliares e resto de construcións, instalación e obras.

4.- O imposto devéngase no momento de iniciar a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licenza.

ARTIGO 4º.- XESTIÓN

1.- Cando se conceda a licenza preceptiva, practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imposable en función do presuposto presentado polo interesado sempre que o mesmo estivera visado polo colexio oficial correspondente, e contivese os datos á que se refire o artigo 3.1; noutro caso, a base imposable será determinada polos servizos municipais de acordo co custo estimado de execución material do proxecto.

2.- Á vista das construcións, instalacións e obras efectivamente realizadas e do custo real das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a cantidade que corresponda.

3.- O Concello poderá esixir este imposto en réxime de autoliquidación.

ARTIGO 5º.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así coma nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 6º.- EXECCIÓNS, BONIFICACIÓNS E REDUCIÓNS.

1.- Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sea dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeitas a éste, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de nova inversión como de conservación.

2.- O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións instalacións ou obras son de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomentado emprego. Dita declaración require o votofavorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade, poderase aplicar unha bonificación de ata o 95% da cota en atención os documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interese ou utilidade pública municipal.

3.- A solicitude dos interesados, e previos ós informes dos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local poderá conceder unha bonificación de ata o 50% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes as vivendas de protección oficial.

4.- A solicitude dos interesados, e previos os informes dos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local poderá conceder unha bonificación de ata o 90% a favor de construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habilitación dos discapacitados.

5.- A Xunta de Goberno Local determinará, en cada caso, se todas ou algunhas das bonificacións reguladas neste artigo son ou non aplicables simultaneamente. Se o foran aplicaranse simultaneamente e sucesiva, segundo a orde á que aparezan reguladas.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas corresponda a cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

DISPOSICIÓN FINAL

Data de aprobación e vixencia.-

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 27 de xuño de 2005, surtirá efecto a partires do día 1 de xaneiro de 2006 e seguirá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Portomarín, 4 de outubro de 2005.- O Alcalde, ilexible.

R. 05134

Anuncio

Aprobado polo PLENO deste CONCELLO, en sesión celebrada o día 12-09-05, o regulamento polo que se

crean, regulan e suprimen os ficheiros de carácter persoal do Concello de Portomarín, que a continuación se detallan:

1.- Padrón Municipal de Habitantes.- Ficheiro Wintask Padrón.

2.- Rexistro de Entrada e Saída de documentos.

3.- Padrón da taxa polo prestación do servizo de recollida de lixo.

4.- Padrón da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de augas.

5.- Contabilidade. Wintaks Sical.

6.- Acreedores.

7.- Rexistro de Intereses dos membros da Corporación Municipal.

Sométese a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente no BOP, dentro dos cales poderanse presentar as reclamacións que estimen oportunas, e serán dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente desta CORPORACION, entendéndose aprobado definitivamente no caso de no presentarse relamacións contra o mesmo.

O Alcalde, Eloy Rodríguez.

R. 05135

SARRIA

Notificación edictal de inicio de expedientes sancionadores

De conformidade con lo dispuesto en los artículos 59.4 y 61 de la Ley 30/1993, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas del Procedimiento Administración Común (B.O.E. 285 de 27 de noviembre de 1992), se hace pública notificación de los expedientes sancionadores que se indican, instruidos por la Unidad de Sanciones del Ayuntamiento de Sarria, a las personas o entidades denunciadas que a continuación se relacionan, ya que habiéndose intentado la notificación en el último domicilio desconocido, ésta no se ha podido practicar.

Corresponde la instrucción del expediente a la Unidad de Sanciones de la Policía Local de Sarria (Art. 12 R.D. 320/1994). La competencia para la imposición de la sanción le corresponde al Sr. Alcalde-Presidente del Ayuntamiento, de conformidad con el Art. 21 de la Ley 7/85 de 2 de abril, y Art. 68 n° 2 del R.D. Legislativo 339/1990.

Los correspondientes expedientes que obran en la Unidad de Sanciones del Ayuntamiento de Sarria, Lugo. Que conforme a los artículos 3 y 10.1 del reglamento de 25-02-94, queda incoado el oportuno expediente sancionador, disponiendo de un plazo de QUINCE DIAS hábiles, contados desde el siguiente al de la publicación del presente en el Boletín Oficial de la Provincia, para alegar por escrito lo que en su defensa estimen conveniente, con aportación o proposición de pruebas que consideren oportunas.

Transcurrido ese plazo sin que se haya hecho uso del derecho a formular alegaciones y/o aportar o proponer pruebas, se dictarán las oportunas resoluciones.

Sarria, 22 de septiembre de 2005.- El Alcalde-Presidente, ilegible.

Expediente	Denunciado	Identificación	Localidad	Fecha	Cuantía	Ley	Art.
03416/05	Iván Méndez Marote	33321123	Lugo	15/06/2005	90,00 euros	RD.1428/03	154
04207/05	Valeriano Martín Manrique	2107166	SARRIA	01/08/2005	90,00 euros	RD.1428/03	154

R. 05170

